

# ARTESANÍA DE GALICIA no Courel

30 XULLO - 8 AGOSTO

ARTESANÍA •  
OBRADOIROS •  
OFICIOS •  
NATUREZA •

[artesianiadegalicia.xunta.gal](http://artesianiadegalicia.xunta.gal)



# ARTESANÍA DE GALICIA no Courel

A serra do Courel, atravesada polo río Lor, é unha paraxe natural de incalculable beleza. As súas montañas son percorridas, ano tras ano, polos amantes do sendeirismo na procura de natureza no seu estado máis agreste e vivo. A gran reserva verde de Galicia, acolle este verán, entre o 30 de xullo e o 8 de agosto, un atractivo programa de obradoiros de artesanía para achegar aos seus visitantes o saber facer dos profesionais do sector artesan galego, e contribuír á difusión do valor engadido dos produtos artesanís.

## Localizacións

A Fundación Uxío Novoneyra e antigas escolas unitarias de varias localizacións no concello de Folgoso do Courel converteranse nun espazo no que sentir a artesanía, a cultura e a natureza. Os visitantes poderán coñecer de preto a esencia de Galicia. Para elo dende a Fundación Pública Artesanía de Galicia organizouse un programa dividido en obradoiros con prazas limitadas que requiren inscrición previa, e obradoiros abertos para toda a familia sen inscrición.







## Obradoiros:

Iniciación a ourivería, ilustración dun caderno de viaxe, ecogravado, manipulado de papel, cesta con asa de madeira, botellas forradas con fibras vexetais, bordado botánico, restauración de mobles de madeira, iniciación ao torno cerámico, creación de cianotipias, papel marmolado, elaboración de papel e encadernación artesanal, técnica do transfer e gyotaku.

OBRADOIROS CON INSCRIPCIÓN PREVIA



**OBRADOIRO:  
INICIACIÓN Á  
OURIVERÍA**

Impartido pola ourive  
Susi Gesto - Santiago  
de Compostela (A  
Coruña)

As persoas asistentes traballarán as técnicas de ourivería tradicional, creando unha xoia que deseñarán sen ningunha limitación creativa.

Do 30 de xullo ao 2 de agosto

10:30 - 13:30 + 15:30 - 17:30

Número de alumnos: 5 / Prezo: 20 euros

Inscripcións en [artesianiadegalicia.xunta.gal](http://artesianiadegalicia.xunta.gal)



Antiga Escola Unitaria de Parada



**OBRADOIRO:  
ILUSTRACIÓN  
DUN CADERNO  
DE VIAXE**

Impartido pola  
ilustradora Iria Prol -  
Santiago de  
Compostela (A Coruña)

As persoas asistentes documentarán mediante o debuxo a experiencia e paisaxe da contorna de Parada onde se desenvolverá parte do proxecto Artesanía de Galicia no Courel. Os alumnos/as deben traer algún tipo de caderno e material de debuxo. Recoméndase un caderno cun tamaño mínimo A5, a poder ser sen espiral.

Do 30 de xullo ao 2 de agosto

10:30 - 13:30 + 15:30 - 17:30

Número de alumnos: 8 / Prezo: 10 euros

Inscripcións en [artesianiadegalicia.xunta.gal](http://artesianiadegalicia.xunta.gal)



Antiga Escola Unitaria de Parada

## OBRADOIROS CON INSCRICIÓN PREVIA



### OBRADOIRO: ECOGRAVADO

Impartido pola artesá  
Isabel Somoza  
do obradoiro  
Augatinta – Lugo

As persoas asistentes coñecerán as posibilidades expresivas dos materiais que desvotamos con respecto ás técnicas de edición gráfica, e iniciaranse na introdución dos elementos naturais da contorna nas composicións persoais e técnicas de gravado.

Data: Do 5 ao 8 de agosto

Horario: 10:30 - 13:30 + 15:30 - 17:30

Número de alumnos: 6 / Prezo: 20 euros

Inscripcións en [artesianiadegalicia.xunta.gal](http://artesianiadegalicia.xunta.gal)



Antiga Escola Unitaria de Parada



### OBRADOIRO: MANIPULADO DE PAPEL

Impartido por Cristina  
Velasco do obradoiro  
Anaquiños de  
Papel - A Coruña

Os asistentes empregarán o papel para dar renda solta á súa creatividade elaborando frores e lámpadas con técnicas de paper art e origami.

30 de xullo

Horario: 10:30 - 13:30 + 15:30 - 17:30

Número de alumnos: 6 / Prezo: 10 euros

Inscripcións en [artesianiadegalicia.xunta.gal](http://artesianiadegalicia.xunta.gal)



Centro Sociocultural Fondo de Vila - Folgoso  
do Courel

**OBRADOIROS CON INSCRIPCIÓN PREVIA**



**OBRADOIRO:  
MANIPULADO  
DE PAPEL**

Impartido por Cristina  
Velasco do obradoiro  
Anaquiños de  
Papél - A Coruña

Os asistentes empregarán o papel para dar renda solta á súa creatividade elaborando frores e lámpadas con técnicas de paper art e origami.

31 de xullo

Horario: 10:30 - 13:30 + 15:30 - 17:30

Número de alumnos: 6 / Prezo: 10 euros

[Inscripcións en artesaniadegalicia.xunta.gal](http://artesianiadegalicia.xunta.gal)



Centro Sociocultural Fondo de Vila - Folgoso  
do Courel



**OBRADOIRO:  
MANIPULADO  
DE PAPEL**

Impartido por Cristina  
Velasco do obradoiro  
Anaquiños de  
Papél - A Coruña

Os asistentes empregarán o papel para dar renda solta á súa creatividade elaborando frores e lámpadas con técnicas de paper art e origami.

1 de agosto

Horario: 10:30 - 13:30 + 15:30 - 17:30

Número de alumnos: 6 / Prezo: 10 euros

[Inscripcións en artesaniadegalicia.xunta.gal](http://artesianiadegalicia.xunta.gal)



Centro Sociocultural Fondo de Vila - Folgoso  
do Courel



## OBRADOIROS CON INSCRICIÓN PREVIA



### OBRADOIRO: CESTA CON ASA DE MADEIRA

Impartido pola artesá  
Julia de la Cal do  
obradoiro La Parabólica -  
O Porriño (Pontevedra)

Neste obradoiro crearanse cestas asimétricas con asa de madeira traballando principalmente con médula de ratán. Coñeceranse ás técnicas principais de tecido con fibras vexetais, os fundamentos e procedementos de traballo, as nocións básicas sobre os materiais e as ferramentas que se precisan na cestería. Os asistentes deberán traer tesoura e navalla.

Data: 2 e 3 de agosto

Horario: 10:30 - 13:30 + 15:30 - 17:30

Número de alumnos: 6 / Prezo: 10 euros

[Inscripcións en artesaniadegalicia.xunta.gal](http://artesianiadegalicia.xunta.gal)



Centro Sociocultural Fondo de Vila - Folgoso do Courel



### OBRADOIRO: BOTELLAS FORRADAS CON FIBRAS VEXETAIS

Impartido pola artesá  
Julia de la Cal do  
obradoiro La Parabólica -  
O Porriño (Pontevedra)

Neste obradoiro de cestería forraranse botellas con diferentes materiais e cores e tamén se elaborarán pequenos candeeiros. Os asistentes achegaranse ás técnicas de tecido con fibras vexetais e deseñarán diferentes pezas creativas, coñecendo os principios estruturais, a confección das diferentes partes que permitirán o forrado completo da botella, dende a base ata o peche e diferentes técnicas de tecido: simple, dobre, triple e ribetes para crear texturas.

Data: 4 e 5 de agosto

Horario: 10:30 - 13:30 + 15:30 - 17:30

Número de alumnos: 6 / Prezo: 10 euros

[Inscripcións en artesaniadegalicia.xunta.gal](http://artesianiadegalicia.xunta.gal)



Centro Sociocultural Fondo de Vila - Folgoso do Courel

## OBRADOIROS CON INSCRIPCIÓN PREVIA



### OBRADOIRO: BORDADO BOTÁNICO

Impartido pola artesá  
Minia Banet do  
obradoiro Variopinto -  
Santiago de Compostela  
(A Coruña)

Neste obradoiro bordarase unha ilustración botánica sobre unha bolsa de algodón 100%, empregando puntos planos e de relevo con diversos fíos e cores para aportar diferentes texturas. Non son necesarios coñecementos previos e todo o material está incluído.

Data: Do 6 ao 8 de agosto

Horario: 10:30 - 13:30 + 15:30 - 17:30

Número de alumnos: 6 / Prezo: 20 euros

[Inscripcións en artesaniadegalicia.xunta.gal](http://artesianiadegalicia.xunta.gal)



Centro Sociocultural Fondo de Vila - Folgoso  
do Courel



### OBRADOIRO: RESTAURACIÓN DE MOBLES DE MADEIRA

Impartido polos artesáns  
Sabela Fuentes e Xan  
Barcala do obradoiro A  
Factoría Atelier - O Grove  
(Pontevedra)

Seguindo o principio das 4 R's do obradoiro dos docentes "Reducir, Reutilizar, Reparar e Reciclar", as persoas asistentes darán nova vida a mobiliario en desuso a través de diversas técnicas artesanais de restauración.

Data: Do 5 ao 8 de agosto

Horario: 10:30 - 13:30 + 15:30 - 17:30

Número de alumnos: 5 / Prezo: 20 euros

[Inscripcións en artesaniadegalicia.xunta.gal](http://artesianiadegalicia.xunta.gal)



Antiga escola Unitaria de Froxán

## OBRADOIROS GRATUÍTOS ABERTOS AO PÚBLICO ADULTO E INFANTIL



### OBRADOIRO: INICIACIÓN AO TORNO CERÁMICO

Impartido polos  
ceramistas Susana  
González (A Coruña)  
e Carlos San Claudio  
(Vigo)

As persoas asistentes elaborarán no torno pezas de barro mediante as técnicas da olería tradicional galega.

Data: Do 30 de xullo ao 8 de agosto

Horario: 10:30 - 13:30 + 15:30 - 18:00



Centro Sociocultural Fondo de Vila - Folgoso  
do Courel



### OBRADOIRO: CREACIÓN DE CIANOPIAS

Impartido polos  
artesáns María José  
Martínez e José  
Antonio Carrera - Vigo  
(Pontevedra)

Procedemento fotográfico no que empregando papel de acuarela e un produto químico sensible á luz, este exponse directamente ao sol usando negativos de fotografía ou obxectos diversos, obtendo finalmente unha imaxe en azul prusian.

Data: 30 de xullo e 4 de agosto

Horario: 10:30 - 13:30 + 15:30 - 18:00



Fundación Uxío Novoneyra - Parada

**OBRADOIROS GRATUÍTOS ABERTOS AO PÚBLICO ADULTO E INFANTIL**



**OBRADOIRO:  
PAPEL  
MARMOLADO**

Impartido polos  
artesáns María José  
Martínez e José  
Antonio Carrera - Vigo  
(Pontevedra)

As persoas participantes poderán alcanzar orixinais formas mediante unha técnica gráfica que consiste en colorear unha follla de papel colocándoa en contacto con pigmentos non solubles que flotan nun recipiente de auga.

Data: 31 de xullo e 5 de agosto

Horario: 10:30 - 13:30 + 15:30 - 18:00



Fundación Uxío Novoneyra - Parada



**OBRADOIRO:  
ELABORACIÓN  
DE PAPEL E  
ENCADERNACIÓN  
ARTESANAL**

Impartido polos artesáns  
María José Martínez e José  
Antonio Carrera - Vigo

Neste obradoiro ensinaranse técnicas tradicionais para elaborar papel artesán que posteriormente se empregará nun pequeno proxecto empregando a técnica de encadernación xaponesa.

Data: 1 e 6 de agosto

Horario: 10:30 - 13:30 + 15:30 - 18:00



Fundación Uxío Novoneyra - Parada

## OBRADOIROS GRATUÍTOS ABERTOS AO PÚBLICO ADULTO E INFANTIL



### OBRADOIRO: A TÉCNICA DO TRANSFER

Impartido polos  
artesáns María José  
Martínez e José  
Antonio Carrera - Vigo  
(Pontevedra)

Mediante a técnica de transfer (abreviatura de transferencia) é posible transferir unha imaxe dun papel especial á superficie de diversos materiais.

Data: 2 e 7 de agosto

Horario: 10:30 - 13:30 + 15:30 - 18:00



Fundación Uxío Novoneyra - Parada



### OBRADOIRO: A TÉCNICA DO GYOTAKU

Impartido polos artesáns  
María José Martínez e José  
Antonio Carrera - Vigo  
(Pontevedra)

Técnica tradicional xaponesa de estampaxe artesán na que se fixa o recorde de obxectos tridimensionais a través da súa pegada: o gyotaku.

Data: 3 e 8 de agosto

Horario: 10:30 - 13:30 + 15:30 - 18:00



Fundación Uxío Novoneyra - Parada







Colaboran:



CONCELLO  
DE  
FOLGOSO  
DO  
COUREL



Organización  
das Nacións Unidas  
para a Educación,  
a Ciencia e a Cultura

Montañas do Courel  
Xeoparque  
mundial da  
UNESCO